

## GUÍA DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- A biblioteca é un espazo onde podes ler e aprender pola túa conta.
- Poden utilizar a biblioteca escolar os alumnos/as e mestres/as do centro.
- Para levar libros en préstamo precísase un carné. As familias poden levar libros co número de carné do seu fillo/a.
- Na biblioteca hai varias zonas diferenciadas por cores e grandes carteis: **primeiros lectores** (amarelo/verde), **lectores avanzados** (azul/vermello) e **zona de consulta** (entrando á dereita).
- Nos andeis de primeiros lectores e lectores avanzados os libros están ordenados de forma alfabética, tendo en conta as tres primeiras letras do apelido do autor e as tres primeiras letras do título (non contan os artigos). Os libros de consulta están ordenados pola CDU.
- Ademais contamos cunha **zona de ordenadores** (as consultas a Internet non poderán ser superiores a 15 minutos e realizaranse baixo a supervisión dun mestre ou mestra), **zona de vídeos e cd's** (só en préstamo o fin de semana), zona de **banda deseñada**, zona de **novidades** (cun semáforo que regula se poden levarse en préstamo ou non), **zona de xogos** (xadrez, oca, parchís...) e zona de **libros marcados cun adhesivo vermello** (para consultar na biblioteca).

- No corredor da biblioteca temos tamén unha **zona con revistas e xornais**, libros relacionados co proxecto e tres andeis para expoñer libros sobre conmemoracións
- Cada curso terá unha hora semanal de biblioteca, e deberá ir co seu titor ou titora, que será o encargado de facer o préstamo ou devolución a través do programa MEIGA.
- A biblioteca estará aberta pola semana de 9:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:00.
- Pódese levar en préstamo dous libros de cada vez, e devolvelo no prazo máximo de quince días, tamén se pode levar unha película o venres e debe ser devolta o luns.
- Cando collamos un libro debemos ser coidadosos e coidadosas e deixar os demais ben colocados. Se estragamos ou perdemos algún libro deberemos repoñelo.
- Podemos facer propostas sobre novas adquisicións de libros, organización e funcionamento da Biblioteca a través do buzón de suxestións.
- O alumnado de 5º de Primaria será colaborador da biblioteca por quendas semanais e por parellas.
- Cada curso ten unha estantería adoptada e será o encargado de que os libros da mesma estean ordenados.
- Ao iniciar o curso, o Equipo de Biblioteca fará unha reunión co profesorado para explicar a organización e funcionamento da mesma.